

· FESTIVALMARDEMARES.ORG ·

# Festival Mar de Mares 2026

· 04-14 XUÑO, A CORUÑA ·



arte  
e música  
-  
encontros  
inspiradores  
-  
exposicións

IV ForoAZUL  
-  
activismo  
-  
mercado  
-  
gastronomía

DÉCADA DOS OCÉANOS



2021  
2030

Década das Nacións Unidas  
da Ciencia Océanica  
para o Desenvolvemento Sostible



COLABORAN



ORGANIZA



# Festival Mar de Mares 2026


O Festival Mar de Mares xa late no corazón da Coruña. Tras doce edicións e máis de 300.000 almas compartindo unha mesma paixón, somos o punto de encontro ideal para celebrar a nosa cultura mariñeira. Aquí, o arte, a ciencia e o activismo abrázanse para lembrarnos que protexer o noso "corazón azul" é un latido compartido. Queremos que sintas que o cambio cara a un futuro sostible empeza nas túas mans, nas nosas rúas e praias.

Convidámoste a vibrar coa décimo terceira edición baixo o lema "**Cultura que nace do océano**". Porque ser atlánticos é un estado da alma que guía os nosos pasos. Queremos que navegues connosco nesta viaxe de agradecemento por todo o que o mar nos agasalla: desde o arte que nos inspira ata os sabores que nos devolven ás raíces. É hora de celebrar que estamos feitos de mar. Benvido a bordo!

INSCRÍBETE NAS ACTIVIDADES QUE O PRECISEN DESDE O 18/05 ÁS 13:00 PM EN

[FESTIVALMARDEMARES.ORG](https://festivalmardemares.org)

E INFÓRMATE POLO MIÚDO SOBRE O PROGRAMA DO FESTIVAL





5 xuño ata o 5 de xullo

@Xurxo Lobato/Vegap A Coruña 2026

## O MAR QUE NOS HABITA. Xurxo Lobato


Visita guiada co autor: Venres 5 de xuño, 19:30

O mar en Galicia non é unha fronteira, non é un límite onde remata a terra, senón o elemento que esculpiu, século tras século, a nosa forma de vivir, de traballar e de sentir. Nesta exposición, o obxectivo de Xurxo Lobato mergúllase no corazón da cultura mariñeira para revelarnos como o océano xerou unha identidade propia. "O mar que nos habita" é unha viaxe visual polos rostros, as pedras e os rituais dunha Galicia que se reconece no espello azul do Atlántico.

📍 Av. Montoto 6  
(Zona Porta Real)

👤 Todos os públicos

🚫 Gratuíta



8 e 15 de Maio

## UN MAR DE PREGUNTAS

Para que serve unha balea? O biólogo mariño e divulgador **Javier García Galdo**, visitará diversos centros escolares para dar resposta a estas e outras moitas preguntas sobre os océanos. A actividade acompáñase coa montaxe da exposición de carteis coas ilustracións de Roque Araujo.

📍 Centros escolares provincia da Coruña

👤 Público Escolar

🚫 Gratuíta

Todo o mes de Xuño

## UN MAR DE LIBROS

A vida colle nun libro. E os mares tamén. Aventuras imaxinarias, historias reais de viaxeiros que se confrontaron ao mar, lendas de mariñeiros, contos para nenos e non tan nenos... Se queres vivir o mar dun xeito diferente, enróláte na túa biblioteca municipal.

📍 Bibliotecas Verdes e FNAC

👤 Todos os públicos

🚫 Gratuíta

# ROVES 21 E 28 DE MAIO



ACTIVISMO

## LIMPIEZA DE PRAIA E TALLER DE RECICLAJE

En compañía dunha artista que traballa con residuos mariños, realizaremos unha limpeza de praia con escolares, co obxectivo de mostrar a necesidade de coidar o medio ambiente. Posteriormente, realizarase un taller na escola no que os escolares, guiados pola artista, crearán diversas pezas artísticas co material recoleito na praia.

\*Esta actividade realízase en coordinación cun centro escolar

# SÁBADO 30 DE MAIO



TURISMO AZUL

## NA PROCURA DO TESOURO. VISITA INTERMAREAL EN FAMILIA

Coa marea baixa, descubriremos a vida secreta da praia cos expertos do Centro Oceanográfico da Coruña, ao tempo que axudamos a manter limpa a praia.

- 📍 Praia As Xubias
- 👤 Todos os públicos
- 🎫 Gratuíta, logo de inscribirse

# ROVES 4 DE XUÑO



TURISMO AZUL

## VISITA Á LONXA

Vive a frenética poxa das 6 da mañá! Descubre como se venden toneladas de peixe nunha das lonxas máis grandes de España. Unha experiencia única para coñecer de preto o motor económico da Coruña e a esencia do oficio mariñeiro. Sente a descarga!

# VENRES 5 DE XUÑO




TURISMO AZUL

## O MAR QUE NOS HABITA. VISITA COMENTADA CON XURXO LOBATO

**19:30- 20:30 h.** Acompaña a **Xurxo Lobato** nun percorrido polas 18 fotografías que dan vida á súa exposición. O recoñecido fotoxornalista desvelará as vivencias, anécdotas e historias humanas detrás desta viaxe visual por toda a costa de Galicia.

- 📍 Av. Montoto 6 (Zona Porta Real)
- 👤 Todos os públicos
- 🎫 Gratuíta, logo de inscribirse



# SÁBADO 6 DE XUÑO



TURISMO AZUL



TURISMO AZUL

## AVISTAMENTO DE AVES

**9:00 - 11:00 h.** Convidámoste a unirte a nós nun apracible paseo matutino mentres descubrimos, observamos e aprendemos sobre as fascinantes aves locais e migratorias.

- 📍 Torre de Hércules
- 👤 Todos os públicos
- 🚫 Gratuíta, logo de inscribirse

## YOGA A MARES

**10:30 - 12:00 h.** Conecta co ritmo das ondas e a brisa mariña. Desfruta dunha sesión de ioga para renovar a túa enerxía nunha contorna privilexiada. Unha experiencia de benestar para sentir o equilibrio entre corpo, mente e océano.

- 📍 Zona Portuaria da Coruña
- 👤 Todos os públicos
- 🚫 Gratuíta, logo de inscribirse



TURISMO AZUL



ENCANTRO INSPIRADOR ARTURO LEZCANO

## HISTORIAS DO PORTO

**12:00 - 13:30 h.** Percorre a historia do Porto da Coruña e o seu estreito vínculo coa cidade da man do historiador **Suso Martínez**. Unha visita guiada para descubrir os segredos, lendas e a evolución dun porto e unha cidade que naceron e creceron mirando ao Atlántico. Imprescindible!

- 📍 Zona portuaria da Coruña
- 👤 Todos os públicos
- 🚫 Gratuíta, logo de inscribirse

## ARTURO LEZCANO: A CULTURA QUE VIAXOU POLO MAR

**13:00 - 14:00 h.** Viaxa co autor de "O país invisible" para descubrir o océano como gran motor de transmisión entre pobos. Cun acompañamento musical, conversaremos sobre a importancia do mar para conectar identidades, historias e herданzas compartidas.

- 📍 Mercado Mar de Mares (Parrote)
- 👤 Todos os públicos
- 🚫 Gratuíta ata completar aforo



## CIENCIA E TAPAO CO IEO-OSIC

**19:00 h.** As Investigadoras do Centro Oceanográfico da Coruña cóntannos, entre cañas e petiscos, como analizan o medio mariño e a pesca sustentable.

- 📍 Explanada do Parrote
- 👤 Todos os públicos
- 🚫 Gratuíta, ata completar aforo

## MERCADO MAR DE MARES

**19:30 h.** Un punto de encontro único que combina música en directo, catas e showcookings cos mellores sabores locais en nun espazo deseñado para celebrar a nosa cultura mariñeira.

- 📍 Parrote
- 👤 Todos os públicos
- 🚫 Gratuíta

# DOMINGO 7 DE XUÑO



TURISMO AZUL

## GRAN LIMPEZA DE FONDOS MARIÑOS MAR DE MARES-SIGNUS

**10:00 - 12:30 h.** A sétima convocatoria para limpar os fondos do litoral corués levaranos de novo á zona máis visitada da cidade, a Dársena. E este ano contamos cun padriño moi vinculado ao mar de Coruña, **Guillermo Carracedo**, campión de Europa e de España de paddle surf que nos animará a traballar xuntos polos mares. Organizada por Signus Ecovalor, e baixo a dirección de **Buceo Galicia**, nesta actividade danse cita dúcias de mergulladores e persoas voluntarias en terra. O mellor exemplo de que se unimos institucións públicas, privadas e cidadanía, podemos lograr grandes cousas.

- 📍 Parrote
- 👤 Todos os públicos
- 🎫 Gratuíta, logo de inscribirse



TURISMO AZUL



LA MEMORIA VIVA DEL MAR

PROYECCIONES

## HISTORIAS DO PORTO

**12:00 - 13:30 h.** Percorre a historia do Porto da Coruña e o seu estreito vínculo coa cidade da man do historiador Suso Martínez. Unha visita guiada para descubrir os segredos, lendas e a evolución dun porto e unha cidade que naceron e creceron mirando ao Atlántico. Imprescindible!

- 📍 Zona portuaria da Coruña
- 👤 Todos os públicos
- 🎫 Gratuíta, logo de inscribirse

## AS VOGES DO MAR

**12:30 - 14:00 h.** Que legado nos deixa o océano? "Voces do Mar" é un proxecto sobre o patrimonio inmaterial que rescata os segredos das nosas comunidades pesqueiras. Coa participación da mariscadora **Lita Barrosas** e o pescador e artista **Xoxé Iglesias**.

- 📍 DOMUS
- 👤 Todos os públicos
- 🎫 Gratuíta, logo de inscribirse



ENCANTRO INSPIRADOR



## O MAR NO TINTEIRO: NEREA PALLARES E CYNTHIA MENÉNDEZ

**19:30 - 20:30 h.** Descubre o contraste entre o mundo do marisqueo e a industria dos estaleiros coa gañadora do premio Follas Novas, **Nerea Pallares**, e **Cynthia Menéndez**. Un diálogo sobre mariscadoras, pescadores e operarios navais que explora a fragilidade e a resistencia da nosa alma mariñeira


- 📍 Aquarium Finisterrae
- 👤 Todos os públicos
- 🎫 Gratuíta, logo de inscribirse


Ao remate da charla as autoras asinarán exemplares dos seus libros, "Punto de Araña" y "Son como os glaciares os barcos de aceiro"

## MERCADO MAR DE MARES

**11:00 - 21:00 h.** Un punto de encontro único que combina música en directo, catas e showcookings cos mellores sabores locais en nun espazo deseñado para celebrar a nosa cultura mariñeira.

- 📍 Parrote
- 👤 Todos os públicos
- 🎫 Gratuíta





## LUNS 8 DE XUÑO



### VISITA Á TORRE DE CONTROL

**11:00 - 12:00 h.** A súa singular arquitectura atrae a atención pero pouca xente sabe como é por dentro e que funcións realizan os equipos humanos de Capitanía Marítima e do Centro de Coordinación de Salvamento Marítimo que alí traballan. Ven a descubri-lo e, como non, a contemplar a baía coruñesa desde unha perspectiva excepcional.

- 📍 Torre de Control Marítimo
- 👤 Todos os públicos
- 🎫 Gratuíta, logo de inscribirse

## XOVES 12 DE XUÑO



ECONOMÍA AZUL

### FORO AZUL MAR DE MARES

**09:00 - 14:15 h.** Xornada dedicada a analizar a transformación dixital e a IA aplicada ao mar, a evolución da nosa gastronomía e pesca sostenible e o desenvolvemento do patrimonio marítimo como espazos de cultura, deporte e benestar e o futuro da acuicultura sostible.

- 📍 Espacio Avenida ABANCA. Rúa Estrela 15
- 👤 Profesionais, estudantes e público interesado
- 🎫 Gratuíta, logo de inscribirse

# DOMINGO 14 DE XUÑO

# ROVES 18 DE XUÑO



TURISMO AZUL



## PASEO POLA CIDADE-BARCO. AS PEDRAS DO MAR DA TORRE

**11:00 - 13:00 h.** Unha rocha no mar, iso é A Coruña, unha cidade-barco. Xurxo Souto, coñecedor de todas as súas historias mariñeiras, conduce este paseo para mergullarse no máis profundo desta conexión.

📍 Contorna Torre de Hércules

👤 Todos os públicos

🎫 Gratuíta, logo de inscribirse

## 40 ANOS DE BICHOS. VISITA GUIADA Á EXPOSICIÓN

**19:00 h.** O arquitecto e artista Ramón Estévez guiaranos pola súa exposición “40 anos de bichos” onde poderemos contemplar unha selección das súas obras elaboradas con materias, obxectos e significados para compoñer unha sorprendente e divertida “bichería” marina.

📍 Rúa Rianxo 9 baixo

👤 Todos os públicos

🎫 Gratuíta, logo de inscribirse

